



Concello de Vimianzo

MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 29/06//2013

Na vila de Vimianzo, ás doce horas do vinte e nove de xuño de dous mil trece, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ó obxecto de levar a cabo a sesión extraordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde
D. Fernando Mancebo Amigo
D. Anselmo Ramos Martínez
D.^a María José Ramos Rey
D. José Manuel Rodríguez Blanco
D.^a Montserrat Vázquez Miñones
D. Manuel Soto Pérez
D.^a Mónica Rodríguez Ordoñez
D.^a María Carmen Hermida Tomé
D. Juan Carlos Amado Sambade
D. Ramón Santos Vázquez

Ausentes:

D. José Manuel Pérez Trillo
D. José Antonio Miñones Riveiro

Secretario accidental: D. José D. Rodríguez Ferreira, por Resolución da Alcaldía núm. 712 de data 28 de xuño de 2013

Interventora: D. Gema Leal Insua

Dáse lectura polo Sr Alcalde da Convocatoria da sesión extraordinaria de data 29 de xuño de 2013:

"A convocatoria desta sesión plenaria de carácter extraordinario responde á solicitude presentada no Rexistro Xeral o 12 de xuño de 2013 (RE 4097) e asinada polos concelleiros D. Manuel Soto Pérez e D.^a Mónica Rodríguez Ordoñez do grupo municipal de IxV, D. José Manuel Rodríguez Blanco, concelleiro non adscrito e D. Juan Carlos Amado Sambade do grupo municipal do PP.

Tendo en conta que o pasado 11 de xuño de 2013, comeza novamente a contar o ano natural para a petición de celebración de plenos extraordinarios polos concelleiros da Corporación e tendo en conta que non se presentou ningunha petición a partir desta data e por tanto non se esgotou o número máximo de plenos extraordinarios a convocar, considerase que os concelleiros solicitantes están no seu dereito de realizar a dita petición, xa que reúnen os requisitos establecidos na lexislación vixente.

Na petición formulada polos catro concelleiros solicítase á inclusión de puntos na orde do día referentes a asuntos que non son da competencia do Pleno do Concello, por tanto non lle corresponde a este órgano colexiado decidir sobre o resto dos asuntos referidos na súa petición."

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

1. Acordo, que proceda, sobre instar á Alcaldía a convocar ás comisións informativas, ás mesas de contratación e a todos aqueles órganos nos que participaban os concelleiros D. José Manuel Rodríguez Blanco e D.^a Montserrat Vázquez Miñones, ata a data que presentaron a moción de censura contra o Sr. Alcalde, en exercicio do dereito constitucional de participación política.

O Alcalde pide que quede sobre a mesa no sentido do acordo adoptado no anterior pleno, e pregunta se os solicitantes están de acordo con isto. Non. Continua o Sr. Alcalde dicindo que a composición das comisións informativas e competencia do pleno, de feito na sesión anterior, así foi abordado, chegando a unha proposta nese sentido e a competencia de convocalas é do Alcalde, e o Alcalde ten que convocar a quen o pleno acordou e nese sentido entende e advirte que os concelleiros están instando a que o Alcalde cometa prevaricación; evidentemente o Alcalde non ha vai cometer pero están no seu dereito a debater sobre este asunto.

O Sr. Soto di que o Alcalde vai demasiado rápido. El quere dicirle que despois do acordo adoptado anteriormente este punto dende o seu punto de vista decae do orde do día. Pero vostede foi tan rápido.

Volve a preguntar o Alcalde si entende que decae. O Sr. Soto asinte que si, e di que debe quedar sobre a mesa

Pregunta o Alcalde que si por parte do PP, entende que debe quedar sobre a mesa, e resposta o Sr. Sambade que si debe quedar sobre a mesa.

Pregunta o mesmo o Sr. Alcalde os membros non adscritos. O Sr. Rodríguez contesta que non, porque saben que o Sr. Alcalde non vai a facer absolutamente nada de nada como demostrou no pleno anterior. E xa non tiña que levar no Pleno ordinario o punto que xa levou, e a súa proposta como sabe que o Sr. Alcalde non vai a facer absolutamente nada, nada pois e votar esta proposta que eles sexan convocados como concelleiros que eran e son, e vostede o sabe coa documentación que ten aquí, e reunión que tivemos o portavoz do grupo socialista son eu, afirma o Sr. Rodríguez, pero vostede quere confundir, o grupo municipal socialista elixeno os tres concelleiros do grupo municipal e o portavoz son eu, aquí teño a acta e vostede tena aí tamén pero non lle interesa ensinala, e por ese motivo eu teño aquí unha acta que lle pode ensinar os medios de comunicación e a todos, onde o Sr. Rodríguez e o portavoz do grupo socialista. E cree que o Sr. Alcalde e matemático, e de tres si votan dous cambiase o portavoz como así pasou no partido popular, e así de claro. E afirma o Sr. Rodríguez que el esta expulsado cautelarmente do partido socialista non de grupo municipal, e o Sr Alcalde sabeo perfectamente pero non lle interesa, e como ten ese documento onde é o portavoz, e o Alcalde sabeo e convoca o seu compañeiro José Antonio Miñones, pide o pleno que voten esta proposta de que eles sexan convocados, porque non confía no Sr. Antelo. Vostede ten moito medo as preguntas que lle facemos, pero vostede ten que asumir as preguntas que fagan: Que pasa ca Casa de Cultura de Baiñas ?

O Sr Alcalde chama a orde o Sr. Rodríguez Blanco, dicindo que ten que se limitar a falar do asunto

O Sr. Rodríguez Blanco pide simplemente votar a proposta

O Sr Alcalde quere que conste que non é certo o que di o Sr. Concelleiro non Adscrito, xa non é que o diga o Alcalde, senón que no anterior pleno, o Alcalde leu un auto do xuíz titular do xulgado número un de Corcubión onde di que vostede é un concelleiro non adscrito, polo tanto non hai discusión. Di o Sr. Alcalde que os autos dos xuíces non son discutibles, non é palabra do Alcalde e un auto dun xuíz. Continua dicindo que el desde logo el isto non o faría porque estaríalle obrigando a desobedecer o xulgado e non vou a desobedecer a un xuíz. Pero a lo vostedes coa súa moral, coas súas responsabilidades, cos seus escritos instando a cometer ilegalidades e a desobedecer a xuíces. E o Alcalde di que vai a someter a votación que quede sobre a mesa tal é como se plantexou por parte do Sr. Portavoz de IxV .

Pregunta o Alcalde: Votos a favor de que quede sobre a mesa: Catro. Votos en contra de que quede sobre a mesa: dous. Abstencións : cinco.

Polo tanto por catro votos a favor, dous en contra e cinco abstencións queda sobre a mesa.



Concello de Vimianzo

2. Acordo, que proceda, sobre a ordenación ó Sr. Alcalde para que no prazo máximo dun mes, dende a adopción deste acordo, se emita informe sobre o estado de tramitación de tódolos procesos xudiciais, ante calquera orde xurisdiccional ou ante á Fiscalía nos que está personado formalmente ou teña a condición de interesado o Concello de Vimianzo. Este informe será posto en coñecemento de tódolos concelleiros da Corporación. O Sr. Alcalde será responsable da execución e cumprimento desta orde, conforme o establecido no art. 41.25 do RD 2568/1986.

Comeza o Sr. Alcalde dicindo que evidentemente asume totalmente esta proposta e nestes momentos e tendo en conta que entre o público esta presente o asesor xurídico, que vaia preparando os informes correspondentes para que nun prazo de trinta días poder dar traslado deles a todos os concelleiros desta corporación, esta totalmente de acordo.

O Sr. Soto di que cando o Alcalde elaborou a orde do día.

Chama a orde o Sr Alcalde o Sr. Soto dicindo que debe falar deste punto.

O Sr.Soto di que vai falar do que el queira.

O Sr Alcalde dille o Sr. Soto debe falar deste punto, e senón retíralle a palabra.

Di o Sr. Soto se lle pode escribir unha nota do que debe dicir referíndose o Sr. Alcalde.

O Sr Alcalde dille o Sr. Soto que debe falar deste punto, e senón retíralle a palabra.

Di o Sr. Soto que debe expresar cal é a opinión do seu grupo, e vostede pensa que esta nas clases cos alumnos e dille que faga estes deberes, fai....

O Sr Alcalde dille o Sr. Soto que exprese a opinión do seu grupo sobre este punto, por favor. O Sr. Soto di cando a lóxica se impón chegamos a acordos, pero quero dicir, que eles cando pediron o punto anterior era porque no concello de Vimianzo estábase a vivir unha situación anómala onde dous concelleiros estaban privados dos seus dereitos.

O Sr. Alcalde di que se segue nesta liña, retíralle a palabra, vostede esta falando dun asunto que non esta nestes momentos sobre a mesa.

O Sr. Soto segue falando do tema anterior, e o Sr. Alcalde retíralle a palabra.

O Sr. Sambade di que esta de acordo.

Dálle a palabra o Sres. Concelleiros non adscritos.

O Sr. Rodríguez di que esta de acordo.

Entón di o Sr. Alcalde que se entende aprobado por asentimento.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as doce horas e nove minutos, pola presidencia dase por rematada a sesión da que se estende esta minuta- borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o vinte e nove de xuño de dous mil trece.



